

## CONVERSAS CONTEMPORÁNEAS

# Eva Veiga: “O interesado abandono da nosa lingua é síntoma do triunfo da mediocridade”

06.09.2010

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Eva Veiga (1961, Ombre-Pontedeume. A Coruña). Xornalista e poeta.

En 1985 comeza a traballar na Televisión de Galicia onde desenvolve unha polifacética e intensa actividade profesional, sobre todo, na dirección e presentación de programas culturais.

Na actualidade, colabora na escrita de artigos con diversas revistas e xornais e tamén en programas de radio. Ten publicados os libros de poesía *Fuxidíos* (1993, accésit Premio Esquí), *Paisaxes do Baleiro* (Xerais, 1999), *A Pedra Insomne* (Ferrol Análisis, 2002) *A Luz e as súas Cicatrices* (Esquí, 2006) e *Desconcerto* (Biblos, 2006). Igualmente poética é a súa visión da cidade de peregrinación no libro *Santiago de Compostela* (Everest, 2002). Participa en numerosas obras colectivas de poesía e mais relato.

Xunto aos músicos Bernardo Martínez e Fito Ares, funda e forma parte do grupo Ouriol co que realiza diversos espectáculos poético-musicais dentro e fóra de Galicia. Igualmente participa no espectáculo "cancións contadas cancións" co Grupo Mon Santiso e Compañía.

Bo día, amiga Eva, imos de camiño das sombras e imaxes oblicuas do outono; no enigma que moitas quendas constitúe a memoria e os porqués da súa existencia en nós, é algo que moitas das veces foxe do noso entendemento. Así pode ser a memoria común a todos os seres humanos, individual ou selectiva, etc. Detrás de toda esta breve e mesmo miúda introxeción intúo o tempo, a súa ou non existencia. A todo isto que expoño chamaríalle eu paradoxo físico cuántico ou nuclear, co que quedaría demostrada a súa inexistenza, o seu esvaeemento no infinitesimal da materia. Dende o big-bang, ou grande estourido ata este intre no que conversamos no que nós a penas estamos, só o tempo semella transcórren, en correspondencia hipotética coa xeoloxía. Porén, despois de todo, Eva, para este *homo sapiens* que representamos, as cousas son máis sinceras ou sinxelas para alá de calquera aparencia cientifista: soma e psique, física e química, matemáticas onde o definido e a definición son unha mesma cousa, onde o significado esta ausente do significando. Así, Eva, preguntome eu de camiño no que che pregunto a ti... Cal o tempo, cal a posibilidade e a percepción da súa imaxe?

Nun principio quixera dicir que máis importante que ter respostas, coído que é formular preguntas pois, se cadra, son o desexo e a curiosidade os que nos alentan a seguir adiante. Lembro –falo de memoria– un relato de Italo Calvino no que se figura o tempo como se fose o mar e a vida como eses infindos intres ou movementos das súas augas. Esta imaxe paréceme interesante. En todo caso, amigo Manuel, o asunto que propós semella inapreixable dabondo tanto para a Ciencia como para a Filosofía, aínda que non igualmente para a poesía que ten ido máis lonxe neste senso. Por outra parte, poida que o misterio sexa necesario para a supervivencia, pois é na procura do seu discernimento como tamén producimos certa enerxía e novas formas para a vida. Quizais este sexa un sentido inherente á existencia. De todos os xeitos, a min o que máis me importa do tempo é sentilo. É na súa intensa experiencia como podemos gozalo e aínda dominalo. Quen non sentiu en carne propia a súa dilatación, a súa fugacidade, a súa relatividade; quen non se percibiu algunha vez fóra do tempo ou desesperado na súa gaiola? Quen non se soubo en transformación, en cambio ou en duración Bergsoniana? Mais, se queres

que che diga o que verdadeiramente penso sobre isto, agora que xa vou ocupando os caracteres que se me piden e malia aparecer como moi pedante, pois, transcriboche este poema aínda inédito: "Quizais só exista realmente/ este instante, / O demais é tempo."

Calquera obra é inherente ao "tempo", para entendernos?

Por riba ou por debaixo de formulacións matemáticas e paradoxos conceptuais, o tempo aparece como a máis elemental substancia da vida e por iso dificilmente obxectivo para a nosa conciencia á que, por suposto, lle quedan moitos chanzos por escalar. Apenas sabemos nada de nada e a complexidade aumenta.

A poesía Eva, é esencial na túa obra, moito máis que o ensaio, a narrativa ou o xornalismo?

Si, supoño que cada quen ten o seu hobby-horse como escribiu Sterne, o seu cabalo de batalla, o seu especial modo de abordar a realidade e pensar o mundo. A fiestra pola que me gusta mirar ou esculcar a vida e o modo que escollo para unha comunicación profunda teñen que ver sempre coa poesía. Porén, a poesía nítrese de todo canto chega á conciencia e poida que aínda máis do que non somos conscientes. Tamén o outro se percibe atravesado, iluminado, pola visión poética. De xeito natural.

A estas alturas xa ninguén pon en dúbida o intento de liquidación e polo tanto morte do idioma nacional de Galicia, só os "rudos e ignorantes", lingüicidas, galegófobos, xentes pateticamente mergulladas no auto-odio, colonizados e autocolonizados, pretenden facer do idioma galego unha andrómene de museo metafísico. Máis que ignorancia –que si existe– eu falaría de totalitarismo burgués, barbarie capitalista, e descoñecemento por mor dun analfabetismo funcional máis que emocional, que desgraciadamente se dá entre os libertos e os escravos sen conciencia da súa conditio, algo esencial para súa liberación. A hipótese dun xefe de planta nun matadoiro multinacional é, por evidente estolidez oposta ao que digo, e o mesmo acontece nun catedrático ou profesor de universidade, IES, etc. A educación para a liberdade non deixa de ser cal un anuncio de lavavaixelas ou hamburguesas dunha recoñecida multinacional ianquí. "A barbarie como principio", podería ser o título dun próximo libro meu. Cal sería a túa resposta a esta miña reflexión?

A barbarie existe e o que é peor, normalizada. O que máis semella importar neste sentido é que sexa legal e economicamente beneficiosa para os que teñen ou andan a coller a tixola polo mango. Non hai máis que prender o aparello da televisión para decatármonos de que vivimos instalados nunha terrible demencia que se propaga especialmente a través dunha espuria manipulación da linguaxe. Porque o uso da lingua nunca é inocente. Tampouco o dunha lingua ou outra. E velaí o que pasa co galego. O autodesprezo é, sen dúbida, unha patoloxía que tratan psicólogos e psiquiatras. Unha comisión de expertos nesta materia non lle viría mal a este país afeito a honrar o alleo e desprezar o propio, o que supón que non levantaremos cabeza a nivel político nin social nin económico: é todo iso é cultura ou incultura. Existe –fundamental– o asunto clasista, de alienación; pero, coido que tamén de preguiza intelectual, de desleixo. Aínda sabendo que desenvolver unha cultura propia vai supoñer un beneficio en todos os ámbitos para toda a comunidade, pois non nos peta, porque iso supón un pequeno esforzo que non estamos dispostos a facer, sobre todo se aparece alguén con poder e falacias para convencernos non só da inutilidade senón mesmo da inconveniencia desa tarefa. Non se coñece un pobo que se deixe suicidar desta maneira. Hai comunidades que se esforzan por poñer en valor trazos diferenciadores que mesmo inventan porque, entre outras razóns, entenden que nun mundo globalizado só es alguén se tes algo distinto que achegar e compartir. A espiritualidade profunda dun pobo radica na súa lingua. Non hai monumento máis importante que ese. O interesado abandono do noso idioma é un síntoma máis dos tempos que corren, do triunfo da mediocridade fronte á procura da excelencia.

A propósito dos credos relixiosos que agora me veñen á memoria Eva, cal é a túa actitude diante dese "opio" que xa advertía Karl Marx?

Eu creo na liberdade de crenzas e cultos, absolutamente. Da mesma maneira detesto calquera fanatismo ou imposición por moi sutil que sexa. A percepción que teñen algunhas persoas de que a súa crenza os fai mellores ou superiores a aqueles que non a profesan é das cousas máis absurdas, máis soberbias e máis antiespirituais que coñezo. Coido que a fe é un asunto absolutamente privado, pois ninguén tería ningunha certeza sobre os verdadeiros sentimentos doutra persoa nese sentido, de aí a rixidez que impoñen algunhas relixións no cumprimento dos seus ritos. Porén, alguén escribiu que o rito é aquilo no que os mediocres poden alcanzar a excelencia. En todo caso, se profesar unha relixión lle axuda a unha persoa a vivir, marabilloso. O que, coido, non pode ningunha relixión é substituír nin a responsabilidade individual nin unha ética universal.

Unha mentira repetida mil veces poden chegar a constituír unha verdade; eu, Eva, coido que non, o que si é que os alienados/as se multiplicarán coma mosquiños ou formigas. Concordas con esta miña percepción das "fronteiras", do binomio verdade-mentira?

Coido que, en xeral, os seres humanos, deixámonos levar por inercias propias e máis alleas e unha desas é crer o que nos convén nun determinado momento. Buscar sinceramente a verdade ou a xustiza é militar no compromiso e mesmo na autocrítica. Por iso facérmonos decote preguntas en relación co que acontece e, sobre todo, a cómo nolo contan sería un feito esencial.

Monarquía, Democracia e vixente (aínda) nacional-catolicismo. Tres enunciados antagónicos entre si. Establezamos esta orde ABC. A e C non son antagónicos; B si é antagónico cos outros dous. Así a súa conxuga é un disparate de difícil coexistencia, no entanto, a "democracia burguesa" logra o milagre do absurdo, cando o normal, para comezar sería un Estado republicano e federal que recoñeza ás nacións que compoñen o actual crebacabezas. É, xa que logo, a miña opinión... Cal a túa, Eva?

Velaí a linguaxe, unha vez máis. Efectivamente vivimos a miúdo no disparate sacralizado, inquestionable. Por desgraza, e coido que non son a única a pensar así, a idea que teño hoxe en día da política é terrible porque percibo que se trata –se cadra, case sempre foi así– eminentemente dun xogo de intereses económicos e de relacións de poder no que as pezas varían moi pouco. Non temos máis que pensar na crítica situación actual na que, porén, aumentaron os pobres e tamén o número de grandes fortunas. Non vou dicir que todos os políticos e todas as políticas son iguais. Non. Pero é demoledora esta decadencia espiritual, este progresivo e disimulado escravismo da inmensa maioría. A mentira descarada. A corrupción. A superposición dun mundo virtual e estratéxico en detrimento do que realmente nos afecta. Aínda así creo e quero estar na loita por un mundo mellor. Hai moitas opcións.

A beleza máis que efémera e perturbadora do senso que provoca en nós a realidade, no sentimento mallarmeá da palabra, é dicir, a herba e a flor amósanse vixosas e belas, porque saben que o seu envés agocha a morte... Tes unha resposta para esta miña pequena reflexión?

En efecto, a experiencia da beleza está ligada, conscientemente ou non, á morte, á súa desaparición. É, se cadra, nese ángulo no que os dous lados se tocan un intre cando se produce a súa maior intensión. Debo confesarme adicta a esa experiencia que, por outra parte, sinto ás veces como se me destrúise; mais, sempre é transformadora. Pero tamén hai xestos, dunha sinxeleza marabillosa, intres máxicos que nos conmoven porque teñen que ver co amor, coa xenerosidade, coa inocencia, co humor. Unha obra ben feita que nos trascende porque é reveladora, porque ten o profundo sentido da superación humana. Toda epifanía é beleza.

A felicidade é máis que nada un soño ilusorio, van. A felicidade permanente digo eu sempre que é o estado de graza dos parvos, é a ataxia, a morte... Concordas?

A felicidade é un estado tan subxectivo que nin se me ocorre a mínima xeneralización sobre ela. En todo caso un estado finito, grazas ao que seguimos desexando. Só sei que cando somos felices somos mellores. E non quero confundir felicidade con mera satisfacción inmediata porque podemos estar falando de algo oposto como é a voracidade do baleiro. Para min a felicidade é unha incesante conquista daquela serenidade espiritual que me permite gozar da paixón. Teño para min que a felicidade real é lentura.

Que libro que aínda non escribiches che gustaría escribir e cecais non te atreves, dito sexa con nobreza, agarimo e respecto á túa persoa?

Gustárame escribir unha novela que me anda na cabeza e nos papeis e que ten que ver co eros e coa intimidade femininos . Pero fáltame determinación. No meu traballo coa escrita sempre acaba por apropiarse o poema do tempo e da enerxía.

No vivir hai elementos fundamentais, esenciais, para que as nosas vidas non sexan unha ruína, un entullo onde ás veces medran os fiunchos?

Para min eses elementos fundamentais son os afectos e aprender e pasmar.

Cal é a dor de vivir se é que existe, Eva?

En concreto, para min a dor máis grande é o sufrimento dun neno, sexa cal for a súa circunstancia, mais en especial os que morren de fame ou son vilmente explotados. Ese é o maior escándalo do mundo. A nivel xeral, coido que a meirande dor debe ser sentir que a vida non ten ningún sentido: iso é algo insoportable.

"Amor más allá de la muerte", un dos grandes sonetos de amor da literatura española, segundo Dámaso Alonso. É posíbel ou non é máis que un quimera?

Si, por suposto. Ademais, a poesía é o lugar do posible e necesario.

Hai libros Eva, aos que adoitas retornar?

Si. Son recorrentes as miñas lecturas de María Zambrano, Aleixandre, Bachelard, Rumi, Stern, etcétera.

Ves moi lonxe unha República Socialista Galega, internacionalista e sempre solidaria?

Polo que xa vimos falando, cabe deducir que vexo lonxe calquera posicionamento solidario en relación a nós propio porque, quizais, non nos queremos e a nosa mentalidade segue a ser minifundista e feudal. Isto quere dicir que unha toma de conciencia colectiva require tempo e irse revelando a necesidade de cambiar. Para que calquera ilusión non acabe en frustración, hai que ser realistas. Pero tamén sabemos que no referente ao ser humano e á sociedade non hai previsión certa. Todo pode cambiar nun momento dado, para mellor e para peor. Por certo que me parece moi interesante a proposta "Glocal" do filósofo Javier Muguerza, un posicionamento ético, social e político que figuradamente vén ser como dispoñer de raíces ben fondas e alimentadas nun lugar propio e unhas grandes ás para ver o mundo.

A utopía é un soño imposíbel ou é unha realidade que algún día acadamos os que por exemplo coitamos por

unha nación galega con status propio?

Non evolucionaríamos senón fose pola utopía. E máis, se non hai utopía é a morte. Se cadra, non acadamos o soño completamente (a utopía é atópica), pero polo camiño xa imos mellorando e atopamos novas terras.

A revolución é unha necesidade irrenunciábel do proletariado –aínda para a escravitude vernizada e non pola barbarie capitalista?

Para min hai un revolución pendente que, se cadra, é a que faría mudar a este ser humano nun verdadeiro homo sapiens: é a revolución psicolóxica ou emocional e sentimental. Cando aprendamos máis sobre a nosa conciencia e consideremos o odio, a envexa, a avaricia, etc, como enfermidades que hai que curar porque producen guerras, sufrimento e todo tipo de inxustizas, entón o planeta e o universo poden ser ámbitos de experiencias moi diferentes ás que agora temos.

O goberno do PP, para min sempre español, na Xunta non é un atranco para o desenvolvemento da nación galega que eles negan?

Eu pregunto se o goberno de Galicia é consciente do xuízo que fará a Historia sobre a súa actuación respecto da nosa cultura identitaria; non hai outra razón máis fundamental para a propia existencia do goberno.

O intimismo poético, pode resultar unha arma de combate contra o terror institucionalizado polos entes da burguesía?

O intimismo poético é revolucionario. Non hai revolución que non comece no individuo. A poesía manifesta por principio unha relación afectiva co mundo. É cando non amas ou non prestas atención a algo é difícil que o comprendas ou que o defendas. A publicidade empéñanse en que sintan os obxectos –os coches, os lavavaixelas- e que sexamos os homes e as mulleres cousificados: por que será? A poesía é ademais un ámbito privilexiado da liberdade e do sentido. É a linguaxe en crise, en permanente creación.

Todo ou case todo ten unha data de caducidade?

Como dicía o grande Walt Whitman, nada do que acontece se malogra, todo se interrelaciona, todo deixa o seu pouso que segue actuando, mais tamén depende de cada quen e das súas circunstancias transformalo en algo negativo ou positivo. De todos os modos, teño o convencemento de que a luz que emana dalgúns actos, dalgúns persoas, fica por sempre alentando a saúde do cosmos.

Cal será Eva o próximo poemario teu que imos ler, cal o seu posíbel título, cal o seu cerne, a súa seiva?

O meu vindeiro libro xa está rematado e xa ten título, mais aínda non estou segura de se este é definitivo; ten que ver coa experiencia da morte de miña nai. Unha viaxe dolorosa ao fondo das emocións, mais que escribirla servíume para reflexionar intensa e aínda serenamente sobre a vida. Ao cabo, unha experiencia amorosa. E, como non, tamén a abordaxe poética dese inextricable asunto co que empezamos a nosa conversa: o tempo.